



INFORMACIÓN SOBRE O CERTIFICADO DE ANTECEDENTES PENAIS

Documentación necesaria

A solicitude efectúase mediante a presentación dun impreso oficial modelo 790.

1. Os novos impresos de solicitude, denominados modelo 790 , **estarán a disposición dos interesados** nos lugares seguintes:

- As Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza.
- Rexistros Cívís de toda España.
- Rexistros do Ministerio de Xustiza en Madrid:
 - R/ San Bernardo, 45, 28015 Madrid, entrada pola R/ de la Manzana, nº 2.
 - Praza de Jacinto Benavente, 3, 28012 Madrid.
- Igualmente, poderase descargar dende esta mesma páxina: [modelo 790](#).

Os datos que se escriban no impreso deberán coincidir, todos, cos que figuren na documentación que se presente.

Xunto co impreso deberá presentarse:

- O titular español: documento nacional de identidade (DNI) en vigor.
- O **titular estranxeiro**: pasaporte en vigor con visado suficiente ou tarxeta de residencia en vigor.
- O **representante do titular**:
 - DNI do titular, se é español ou comunitario; ou pasaporte ou tarxeta de residencia en caso de estranxeiros.
 - DNI do representante.

A representación deberá acreditarse mediante poder notarial, comparecencia persoal do interesado ou calquera outro medio suficiente en dereito que deixe constancia fidedigna.

2. Deseguido, deberá proceder ao PAGAMENTO DA CORRESPONDENTE TAXA, debendo dirixirse a calquera banco, caixa de aforros ou cooperativa de crédito colaboradora na recadación tributaria -a práctica totalidade delas-.

- **Certificado de Antecedentes Penais 3,40 euros**

IMPORTANTE: deberase poñer especial coidado en liquidar correctamente o importe da taxa, porque se se fixese por contía errónea a entidade financeira non a pode devolver ou compensar e, en caso de solicitar o seu reintegro, o interesado deberá iniciar un expediente de devolución de ingresos indebidos.

3. Unha vez efectuada a autoliquidación da taxa, a SOLICITUDE DO CERTIFICADO farase presentando a copia EXEMPLAR PARA A ADMINISTRACIÓN, na que conste a correspondente certificación mecánica de ter practicado a autoliquidación da taxa no banco ou caixa de aforros.

Descarga de modelos (web)

- [Modelo de Certificación de Antecedentes Penais \(descarga PDF\)](#)
- [Procedemento de solicitude de certificados](#)

Onde presentala

- **Presencial**

- No portelo do Rexistro Central de Penados e Rebeldes, no Ministerio de Xustiza, San Bernardo, 45. Planta baixa. 28015-Madrid, entrada por Rúa Manzana, 2. (Horario de luns a venres ininterrompido, de 9 a 17:30 h., sábados de 9 a 14 h. Durante a xornada de verán, comprendida entre o 16 de xuño e ao 15 de setembro, o horario de apertura será de 8 a 15 h. de luns a venres e de 8 a 14 h. os sábados). Cando é o propio interesado, ou representante debidamente lexitimado e acreditado o que acude a solicitalo a este portelo e está destinado a producir efecto en España, entrégaselle no acto. Se ha de ser asinada de forma hológrafa polo Encargado do Rexistro e legalizada posteriormente, recóllese o día seguinte, o prazo máximo establecido para a expedición é de dez días.
- En calquera das Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza.

- **Por correo**

De acordo coas OM do 6 de abril e 3 de xuño de 1993 e 22 de marzo de 1994, sobre expedición do certificado polo Ministerio de Xustiza, pódese solicitar o certificado de antecedentes penais por correo con idénticos requisitos de presentación de documentos, ao seguinte enderezo: Rexistro Central de Penados e Rebeldes, calle San Bernardo, 45. Planta baja. 28015-Madrid. O Rexistro remitirá o certificado gratuitamente ao enderezo que indique o solicitante.

Acompañarase fotocopia compulsada da documentación pertinente en cada caso (Documento Nacional de Identidade, tarxeta de residencia ou pasaporte), e idénticos requisitos que para a solicitude persoal. O enderezo deberá coincidir co que figure no Documento Nacional de Identidade ou documento achegado. En caso contrario deberase facer constar expresamente o novo enderezo onde se desexa recibir o certificado.

Os habitantes das Illas Canarias tamén poderán solicitalo por correo ás Xerencias Territoriais do Ministerio de Xustiza nesta comunidade autónoma.